



M
S
0
0
0
0
0
0
0
0

NARODOWY
BANK
POLSKI



WARSZAWA, 20 KWIETNIA 2011 R.

PREZES

GŁÓWNY SKARBNIK



MULLERES CON VALOR

PROXECTO DOCUMENTAL DE 1º DA ESO DO IES XOÁN MONTES



O día 8 de marzo celébrase o Día da Muller Traballadora. Para conmemorar esta data tan salientable, a Biblioteca do IES Xoán Montes decidiu realizar unha investigación sobre a importancia que se lle concede á figura feminina no ámbito económico-monetario.

O grupo de traballo valorou diversos aspectos á hora de abordar este tema:

- A escasa visibilidade que as mulleres teñen nos billetes de Europa.
- O descoñecemento por parte do noso alumnado dos méritos que conseguiron esas personalidades femininas e que explican a elección da súa imaxe.
- Os beneficios para o alumnado: búsqueda de información en distintos formatos, utilización das TICs, traballo en grupo, organización de materiais e tarefas...
- O impacto a curto prazo: a posibilidade de ser utilizado este traballo como un instrumento de profundización nun tema transversal como a educación para a igualdade, ademais por suposto dos posibles estudos nos ámbitos histórico, científico, técnico, artístico e político.

Por todo isto, pensamos que sería un proxecto idóneo para o alumnado de 1º da ESO, pois as integrantes do Equipo da Biblioteca responden a esas áreas de investigación e, ao seren os benxamíns, debería se fomentar neles unha sensibilidade especial cara á igualdade de xénero, en especial ao papel da muller como grande descoñecida nos logros da humanidade a través da historia.

INTROUCCIÓN

CONTIDOS CURRICULARES

Este traballo permitiu desenvolver, ademais dos contidos propios da área de Lingua Galega, outros da área de Ciencias Sociais:

- Comprensión de textos, atendendo especialmente á consulta en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo estudos especializados.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida, así como elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.
- Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conduta.

- Utilización das imaxes e os retratos que aparecen nos billetes para obter información e explicar os feitos históricos e a evolución da figura da muller na Historia de Europa.
- Profundización da evolución artística no retrato feminino.
- Realización de tarefas en grupo cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas.
- Coñecemento e utilización, de forma crítica, das tecnoloxías da información e da comunicación como un medio para aumentar o coñecemento da realidade, pero tamén da investigación histórica.
- Valoración, sensibilidade e respecto polo patrimonio cultural e artístico



COMPETENCIAS

As competencias básicas en comunicación lingüística, matemática (pola propia temática tratada), social e cidadá, cultural e artística, así como as competencias no tratamento da información dixital, aprender a aprender e autonomía personal foron abordadas a través da nosa investigación.

OBXECTO OU TEMÁTICA



Co gallo da celebración antedita, as profesoras implicadas decidiron estudar a representación da muller no papel moeda en Europa. Elexíronse os billetes anteriores á implantación do Euro dada a escasa variedade de imaxes, xa que eran maioritariamente arquitectónicas, nesa moeda de curso legal.

Tras unha reunión das profesoras implicadas decidimos desenvolver tres aspectos relacionados co tema.:

Aspectos históricos:

Historia do diñeiro: moedas e billetes. Análise da condición da muller en todos os ámbitos ao longo dos séculos. O ocultamento da figura feminina na historia. Investigación sobre a biografía das mulleres protagonistas do noso traballo.

Aspectos lingüísticos:

Desenvolvemento das destrezas lingüísticas: orden das ideas, perfeccionamento da expresión escrita, coherencia, selección da información, organización do discurso, corrección ortográfica...

Aspectos culturais:

O papel das mulleres na sociedade. Os dereitos coartados. A muller na política, nas ciencias, nas artes: as pioneira. Relación entre a retratística e a súa utilización nos billetes.



PROCESO

Unha vez decidido o tema a desenvolver o Departamento implicado- Lingua Galega- máis a Biblioteca así como o alumnado ao que ía dirixida a actividade, deseñouse unha estratexia baseada nos seguintes pasos:

A profesora de Lingua Galega e Lliteratura coordinou o traballo do seu alumnado.



Á hora de elixir o tema decantámonos polo nivel de 1º de ESO, e na distribución dos mesmos optouse porque 1ª A traballase biografías de artistas e científicas, e 1º B, as de políticas e filántropas.



O desenvolvemento do traballo requeriu unha organización dos espazos e tempos dos que se dispoñía, e chegouse á conclusión de adicarlle o mes de febreiro íntegro a este proxecto, utilizando para iso todas as horas dispoñibles do noso horario lectivo con eses grupos (6 horas semanais).



Na elaboración tívose en conta o traballo colaborativo. Os alumnos foron divididos en grupos de 3 membros para a recolleita de información, tanto textual como visual e plástica, e o seu procesamento.



Os alumnos/as estudaron o papel da muller ao longo da historia, tomaron conciencia da súa minusvaloración con respecto aos personaxes masculinos e como, no caso que nos atinxe, algunhas delas unicamente eran estimadas no seu papel de esposas, fillas e/ou nais.



Este traballo tamén serviu para desenvolver a autonomía e a capacidade crítica do alumnado, para levar a cabo unha escolma a partir da relevancia real da obra ou do pensamento desenvolvidos por esas mulleres.



Polo que se refire aos espazos traballamos tanto nas aulas de referencia, como nas aulas de informática e na Biblioteca.



Organizada a estrutura do traballo a desenvolver, este distribuíuse do seguinte xeito:

Os diferentes grupos buscaron en primeiro lugar imaxes, cunha resolución axeitada, dos billetes que incluían representacións de figuras femininas nos diferentes países europeos.

Os alumnos de 1º A tiveron que investigar cales daquelas mulleres eran artistas ou científicas, mentres que os rapaces de 1ºB buscaron información sobre as políticas e filántropas. Para isto, a partir das efíxies de cada unha delas, investigaron o seu nome, o país ao que pertencían, a data de nacemento e morte, a actividade á que se dedicaban e os méritos que xustificaban a súa inclusión no papel moeda. Recolléronse as súas procuras nunha táboa que se lle deu a cada grupo.

Finalmente, fíxose unha revisión e corrección do material que foi recollido nunha presentación con CALAMEO.



TAREFAS



FONTES E RECURSOS

Para desenvolver esta investigación o alumnado utilizou os seguintes recursos e fontes:

Para as biografías

http://www.portalplanetasedna.com.ar/mujeres_notables.htm

<http://mujeresquehacenlahistoria.blogspot.com.es/>

<http://mujeresdeciencias.blogia.com/temas/biografias.php>

<http://es.wikipedia.org/wiki>

Para a numismática

<http://www.billetesdelmundo.org/catalogo>

<http://www.papelmoneda.es>

<http://colnect.com/es/banknotes>

Para os retratos e imaxes

<http://www.wga.hu/>

www.google.es

Para buscar os datos biográficos tamén empregaron material textual (biografías, enciclopedias ou dicionarios) a súa disposición na biblioteca.

No momento de desenvolver o traballo, a comunidade educativa do Centro mostrouse solidaria e colaborativa á hora de compartir materiais e coñecementos.

Tamén, a comunidade, consciente da importancia das vantaxes que este estudo aportaba para a formación do alumnado, amosou gran sensibilidade na cesión dos espazos comunitarios (Biblioteca, aulas de informática...) necesarios para a resolución das investigacións previstas.

Por parte do persoal non docente, tivemos a colaboración activa dos conserxes do IES tanto na montaxe da exposición como no acceso ao material funxible e fotocopiadora necesarios para levar a bo termo os traballos.

O proxecto fíxose público na páxina web da Biblioteca (portanona.blogspot.com.es) de maneira que tanto pais e nais como persoal non docente e alumnado do Centro puideron acceder ao resultado final das investigacións.

Por outra banda, o traballo foi exposto no vestíbulo do noso IES para darlle maior difusión entre tódolos membros da comunidade.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DIFUSIÓN

	SEMPRE	CASE SEMPRE	NUNCA
Interesouse e esforzouse en realizar a tarefa			
Traballou de forma autónoma.			
Sabe buscar información en Internet, discriminando			
Domina as habilidades informáticas necesarias			
Realiza resumos, evitando o cortar e pegar sen ler nin comprender			
O traballo está feito con claridade e calidade no seu contido e organización de ideas			
É capaz de responder oral ou por escrito a cuestións do proxecto			
Participou e colaborou co grupo, expresando as súas ideas con corrección e claridade.			

Segundo se recomenda nas orientacións para avaliación da etapa ESO, esta ha de ser “formativa e continua”, principios que facemos nosos agora e consideramos ao longo do todo proceso valorativo. Antes de empezar o proxecto, explicóuselle ao alumnado cáles eran os aspectos aos que se lles concedería maior atención, qué tarefas terían que realizar e cal era a súa importancia para a nota final, buscando como obxectivo a coavaliación, segundo o modelo que eiquí se reproduce:

AVALIACIÓN


O proxecto foi elaborado polo Equipo de Biblioteca e dirixido pola profesora de Lingua Galega. Presentouse como un reto e, de acordo a iso, desenvolvéronse as estratexias axeitadas para resolver tanto as cuestión técnicas como, sobre todo, as relacionais. Para levar adiante o traballo, foi imprescindible establecer a correspondencia entre a estrutura das clases e os obxectivos, coa consecuente distribución de tarefas e responsabilidades, coordinando o traballo e procurando solucionar os problemas segundo se ían producindo.

Foi no espazo da Biblioteca onde se levaron a cabo a maioría das tarefas, a consulta da bibliografía correspondente e a busca informativa na rede.

A motivación polo compromiso e a axuda mutua entre os membros dos grupos foi a clave do éxito, deixando nas mans da profesora o inxente labor de coordinación e orientación, dadas as dificultades que se lle presentan ao alumnado desta idade para realizar a selección e interpretación da información, así como a súa posterior reorganización e transmisión a través do discurso escrito.








Ademais a Biblioteca deseñou un xogo complementario a esta actividade que pode ser visualizado na mesma entrada do blog Portanona, para fomentar a participación de todo o alumnado do Centro.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BE



rastra con el ratón cada palabra sobre la im
acertado, desaparecerá

PREMA NA IMAXI

- Jane Austen escritora
- Florencia Nightingale enfermeira
- Filipa de Lancastria raíña
- Karen Blixen escritora
- Ana Mª Sibyll Merian, entomóloga
- Camila Collette escritora
- Kirsten Flagstad soprano
- Marie Curie, física química